



## REGULAMENTO DAS AXUDAS SOCIAIS DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO ( PARQUES DE BARREIROS, CHANTADA, MONFORTE, SARRIA , VILLALBA E VIVEIRO)

O comité de empresa como órgano representativo e colexiado do conxunto de traballadores para a defensa dos seus intereses, xunto coa representación do Consorcio Provincial acordan ao regulamento das axudas sociais do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento.

### Artigo 1º

O presente Regulamento acórdase para establecer o regulamento das melloras sociais recoñecidas no artigo 32 do convenio colectivo para o persoal laboral operativo dos parques de bombeiros dependentes do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento.

### Artigo 2º

Este acordo ten por obxecto regular os criterios de reparto do Fondo de Acción Social así coma establecer a convocatoria do persoal operativo do Consorcio de bombeiros de Lugo, tendo como limite orzamentario o importe de 1000€ por parque e 6.000€ no conxunto dos seis parques.

### Artigo 3º

Poderán solicitar as axudas sociais unicamente o persoal operativo do Consorcio de bombeiros de Lugo, que no momento da apertura da convocatoria tras a publicación no taboleiro de anuncios da sede eléctrica e na páxina web se encontren en servizo activo, inclúese tanto o persoal de carácter indefinido como os de carácter temporal.

### Artigo 4º

A tipoloxía de axudas irán destinada a compensar os gastos asumidos polos traballadores operativos do Consorcio durante a anualidade da convocatoria no seguintes ámbitos, establecendo as seguintes limitacións:

ESPECIALIDADE: ODONTOLOXÍA	
TIPO DE SERVICIO	IMPORTE MAX
LIMPEZA BUCAL	40€
COROA	56 €
EMPASTE	45€
FERULA DE DESCARGA	56€

ESPECIALIDADE: OFTALMOLOXIA	
TIPO DE SERVICIO	IMPORTE MAX
GAFAS	50€
LENTE DE CONTACTO	50€

ESPECIALIDADE: FISIOTERAPIA	
TIPO DE SERVICIO	IMPORTE MAX
SESION	40€

ESPECIALIDADE: PSICOLOXIA	
TIPO DE SERVICIO	IMPORTE MAX
SESIÓN	40€

ESPECIALIDADE: PODOLOXIA	
TIPO DE SERVICIO	IMPORTE MAX
CALZADO ORTOPEDICO	50€
PLANTILLA ORTOPEDICA	50€

QUIROPODIA	40€
------------	-----

As axudas poderán ser acumulativas .  
O importe máximo de axuda por traballador será de 44,77€

#### **Artigo 5º**

A solicitude será unicamente por vía telemática a través dun formulario web

- Acceder a web corporativa mediante certificado dixital
- Cumprimentar o formulario electrónico
- Incorporar necesariamente a documentación acreditativa
- Asinar e rexistra a solicitude.

#### **Artigo 6º**

O prazo de solicitude establecerase durante un período de 15 hábiles, previa comunicación o comité de empresa

#### **Artigo 7º**

A documentación obrigatoria a achegar :

- Modelo de solicitude establecido ( Anexo I)
- Factura/as conforme os criterios establecidos no R. D 1496/2003, a nome do titular do dereito ( persoal operativo) .

#### **Artigo 8º**

Os motivos de denegación da axuda serán:

- Presentar a solicitude fora de prazo
- Non presentar a documentación establecida no artigo 7
- O incumprimento de calquera outro requisito establecida no acordo

No caso de que se aprecie no solicitante intención fraudulenta ou calquera tipo de acción tendente a confundir ocultar ou aparentar circunstancias , quedará inhabilitado durante cinco anos a percibir calquera axuda regulada neste acordo ou noutro por parte do Consorcio de bombeiros de Lugo.

#### **Artigo 9º**

O pago realizarase en nómina, previa aprobación da totalidade das solicitudes presentadas pola Presidencia do Consorcio.

#### **Artigo 10º**

Este acordo poderá se revisable ao finalizar cada ano en atención a taxa de absentismo de cada parque.

#### **Artigo 11º**

A vixencia do acordo comezará desde a firma e prorrogarase automaticamente a non ser que se produza denuncia do mesmo.

#### **Artigo 12º**

Establecese unha comisión negociadora, para as interpretacións ou negociacións de mellora que se puideran dar durante a vixencia do acordo, formado por catro membros nas que se encontren representadas ambas partes, de tal xeito que a traballadores será representada pola persoa que ostente o cargo de Presidente e Secretario do Comité de Empresa e por parte da Administración da persoa que ostente o cargo de Xerencia e a Presidencia do Consorcio